



Concello da Pobra do Brollón

BASES

I CONCURSO XOGOS POPULARES

Primeira

O Concello da Pobra do Brollón convoca o I concurso xogos populares, actividade que se realizará dentro do programa de actos da VIII Feira Guímara o día 08 de xullo de 2023.

Segunda

O obxectivo deste concurso é premiar aos mellores xogadores e así incentivar a tódolos asistentes á participación na feira e nos actos organizados con motivo da Feira Guímara.

Terceira

Para participar no concurso de xogos populares poderán facer a pre-inscrición por whatsapp indicando nome completo, DNI e teléfono no 650 624 828, debendo **inscribirse oficialmente o propio día da feira ás 16:00 horas na zona de mesas de xantar, así como outros participantes que non se inscribirán previamente.**

As modalidades do concurso son as seguintes, entendendo por infantil ata os 12 anos:

- **Adultos**
- **Infantil**

Cuarta

Existirán as disciplinas de

- Ra,
- Chave
- Tira sogá.

Quinta.

Os xogos rexeranse polas súas regras tradicionais de común coñecemento. O xurado explicará aos participantes antes de que comece o xogo. En caso de discrepancia na aplicación das mencionadas regras prevalecerá o criterio do xurado.

Quinta: PREMIOS

ADULTO-INFANTIL

CATEGORÍA	1º PREMIO	2º PREMIO	3º PREMIO
ADULTO	Caixas de produtos guímaros		
INFANTIL	Caixas de produtos guímaros		





Concello da Pobra do Brollón

Sexta

Os aboamentos dos premios ao non ser económicos entregaranse aos gañadores no recinto feiral ese mesmo día.

Sétima

Contra a resolución definitiva que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante o alcalde no prazo dun mes, se o acto foi expreso ou de tres meses, ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado co Contencioso- Administrativo de Lugo.

Oitava

No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais e de xeito supletorio na Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de subvencións, no RD 887/2006 de 17 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, e na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia

A Pobra do Brollón, 29 de xuño de 2023.

Documento asinado dixitalmente na márxe

